

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP SAN COSME DE BARREIROS

CURSO: 3º- 4º de primaria

MATERIA: Ciencias Sociais

DATA: 10 de MAIO 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES (3º de primaria)

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Realizar un traballo de investigación que supoña a busca, organización e selección de información empregando as TIC	Busca información empregando as TIC
B2.1. Recoñecer e situar os elementos principais do sistema solar: o sol, os planetas e as súas características principais	Identifica e localiza os elementos principais do sistema solar empregando as TIC
B2.2 Localizar o planeta Terra e a lúa no sistema solar recoñecendo o seu movemento	Describe de forma sinxela os movementos terrestres, o eixe de xiro e os polos xeográficos
B2.3. Identificar as capas da terra	Identifica a lúa como satélite da terra
	Identifica e nomea as capas da terra
	Explica que é un volcán e que acontece cando entra en erupción
B2.4. Identificar as distintas formas de representar a superficie terrestre e localizar o lugar onde vive	Recoñece as distintas formas de representación da terra
B2.7. Identificar a atmosfera como escenario de fenómenos meteorolóxicos	Identifica e nomea fenómenos atmosféricos
B2.9. Coñecer cal é a función dunha estación meteorolóxica	Describe unha estación meteorolóxica, explica a súa función e interpreta gráficos moi básicos de temperaturas e precipitacións
B2.10 Interpretar o tempo atmosférico en mapas do tempo sinxelos	Interpreta mapas de tempo sinxelos de Galicia
B2.11. Diferenciar entre tempo e clima	Diferencia entre tempo e clima e nome as grandes xonas climáticas
B2.13. Explicar como se produce o o ciclo da auga	Escrebe ordenadamente as fases nas que se produce o ciclo da auga
B2.13. Explicar que é unha paisaxe e os seus elementos básicos	Define paisaxe e identifica os seus elementos
B2.15. Explicar a importancia e as consecuencias da intervención humana no medio	Explica o impacto da acción humana no cuidado do medio
B3.1. Explicar a organización social, política a territorial da contorna próxima	Describe a estrutura básica de organización social, política e cultural da contorna próxima

B3.4. Diferencias entre materias primas e produtos elaborados e asocialos a diferentes sectores produtivos e económicos	Diferencia entre materia prima e produtos elaborados
B3.5. Coñecer as normas básicas e sinxelas de circulación	Coñece e respetcta as normas básicas de circulación

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES (4º de primaria)	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Realizar un traballo de investigación que supoña a busca, organización e selección de información empregando as TIC	Busca información empregando as TIC
B2.1. Coñecer a información da litosfera e a dinámica de placas tectónicas	Coñece e define a formación da litosfera e a dinámica de placas tectónicas
B2.2. Explicar e comparar distintas formas de representar a superficie terrestre, identificando os polos, o eixe e os hemisferios	Explica e compara distintas formas de representación da terra, planos, mapas, planisferios e globos terráqueos
B2.4. Diferenciar correctamente entre planos, mapas, planisferios, mapas físicos e políticos e describir as características de cada un	Identifica e describe os distintos tipos de mapas e define que é a escala nun mapa
B2.5. Explicar que é o tempo atmosférico	Define tempo atmosférico e identifica instrumentos que se utilizan na recollida de datos atmosféricos
B2.6. explicar a hidrosfera, identificar e nomear masas e cursos da auga, diferenciando augas superficiais e augas subterráneas	Define a hidrosfera, identifica e nomea masas e cursos da auga, explicando como se forman as augas subterráneas
	Identifica e nomea tramos dun río e as características de cada un deles
B2.7. Adquirir o concepto de litosfera, coñecer algún tipo de rochas e a súa composición identificando distintos minerais e algunha das súas propiedades e usos	Observa e identifica a composición das rochas nomeando algún dos seus tipos
	Identifica e explica a diferenza entre rochas e minerais
B2.8. describir as características do relevo de Galicia e a súa rede hidrográfica, localizándoos nun mapa	Localiza nun mapa as principais unidades de relevo en Galicia
	Sitúa nun mapa os mares, océanos e grande ríos de Galicia
B3.1. Analizar a importancia que teñen os dereitos, deberes e liberdades recollidas na constitución, así como as súas funcións	Identifica, respecta e valora os principios democráticos máis importantes establecidos na Constitución
B3.2. Identificar as principais institución políticas do estado español	Identifica as principais institucións do estado español e describe as súas funcións

B3.3. Coñecer a organización territorial do estado español e os seus órganos de goberno	Explica a organización territorial de España, nomea as estruturas básicas do goberno e localiza en mapas políticos as distintas comunidades autónomas de Galicia
B3.6. Coñecer e respectar as normas de circulación e fomentar a seguridade viaria en todos os seus aspectos	Explica as normas básicas de circulación e as consecuencias derivadas do incumprimento
	Coñece o significado dalgunhas sinais de tráfico e recoñece a importancia de respectalas

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Avaliación

Procedemento: a avaliación será continua e acentuará o seu carácter diagnóstico e formativo para valorar os atrasos coa finalidade de planificar e programar de cara a vindeiros cursos.

As tarefas non presenciais propostas neste terceiro trimestre poderán sumar 1 punto á media dos trimestres anteriores sempre valorando positivamente a actitude do alumnado, o interese, a presentación das tarefas en tempo...

Instrumentos:

- Probas escritas
- Caderno de profesor (observacións da aula)
- Caderno do alumno
- Rexistro de tarefas entregadas
- Rexistro de execución das mesmas

Cualificación final

Para a avaliación final farase unha media entre o primeiro e o segundo trimestre e teranse en conta os traballos e tarefas enviadas durante esta tempada. Estas actividades facilitadas a través de Classroom poderán sumar 1 punto á nota final do curso.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<p>As actividades propostas neste trimestre son de repaso, recuperación e reforzo dos contidos dados xa nos trimestres anteriores.</p> <p>Exemplo de actividade: completar un mapa político coas comunidades de España</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Todos os martes súbese a tarefa semanal de ciencias sociais ó Classroom. O alumnado ten de prazo unha semana completa para volver entregala. Se non entenden o desenvolvemento dalgunha tarefa comunícano á mestra e establécese un feedback para conseguir que o alumnado o comprenda. Sempre a través desta plataforma ou do correo electrónico.</p> <p>Para o alumnado sen acceso a internet ofréceselle material impreso a través do traballo colaborativo entre o concello e o centro</p>
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none">- Libro de texto- Exames- Fichas das editoriais- Tarefas feitas pola mestra- Libreta do alumno/a- Ordenadores e internet

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias

Comunicación coas familias e o alumnado a través de correo electrónico, Classroom e aula virtual

Publicidade

www.edu.xunta.es/centros/ceipsancosme